

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 01.02.2017 Hora: 10:30

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 1 de febreiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais en Comisión

- 1 2657 (10/POC-000343)
 Grupo Parlamentario Popular de Galicia
 Fernández Prado, Martín e 6 máis
 Sobre as actuacións que se están a desenvolver no marco do Plan de sendas de Galicia
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

- 2 2724 (10/POC-000374)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
 Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coas axeitadas condicións de seguridade ambiental da balsa de lodos tóxicos nas instalacións da mina de San Fins, no concello de Lousame
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

- 3 2899 (10/POC-000432)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Torrado Quintela, Julio e 3 máis
 Sobre o estado de conservación e previsións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio respecto da enseada dos Pasais, no concello de Meaño
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

- 4 2965 (10/POC-000459)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
 Sobre a opinión do Goberno galego referida á eficacia da política seguida nos oito últimos anos en materia de depuración e saneamento, así como sobre o estado medioambiental da ría de Arousa
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

- 5 3163 (10/POC-000518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para corrixir as deficiencias que presenta en materia de accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria e peonil a estrada PO-546, entre Pontevedra e Marín, así como a urbanización e mellora da rúa Rosalía de Castro entre a rotonda de Manuel del Palacio e Ponte Muíños

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

6

3198 (10/POC-000524)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as demandas realizadas e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para a execución das obras da conexión ferroviaria co porto exterior da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

7

3200 (10/POC-000525)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da baixada que presenta para o ano 2017 o importe máximo da axuda convocada na Resolución do 26 de decembro de 2016, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, para o financiamento parcial da renda dos contratos de arrendamento formalizados no marco do programa Aluga, o número de beneficiarios deste programa no ano 2016 e os datos referidos ao nivel de execución das partidas orzamentarias consignadas para o seu desenvolvemento

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidente

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Silvestre José Balseiros Guinarte

P

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Antonio Mouriño Villar

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2657(10/POC-000343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre as actuacións que se están a desenvolver no marco do
Plan de sendas de Galicia

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:53
Nº Rexistro: 2657
Data envío: 27/12/2016 16:53:48.343

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Julia Rodríguez Barreira, Antonio Mouriño Villar e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado mes de marzo o Executivo galego anunciaba a posta en marcha, por parte da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, dunha novidosa iniciativa que concretaba a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en estradas autonómicas das distintas comarcas galegas.

Trátase do Plan de Sendas de Galicia que prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre o conxunto do territorio da Comunidade, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

Un plan que, estamos convencidos, vai supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida de todos os galegos.

É por isto que os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué actuacións concretas se están a desenvolver actualmente no marco do Plan de Sendas de Galicia?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 27/12/2016 16:43:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:53
Nº Rexistro: 2657**
Data envío: 27/12/2016 16:53:48.343

Jaime Castiñeira Broz na data 27/12/2016 16:43:37

Marta Novoa Iglesias na data 27/12/2016 16:43:43

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2016 16:43:51

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/12/2016 16:43:57

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2016 16:44:05

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/12/2016 16:44:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 2724(10/POC-000374)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en
relación coas axeitadas condicións de seguridade ambiental da
balsa de lodos tóxicos nas instalacións da mina de San Fins,
no concello de Lousame

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 12:08
Nº Rexistro: 2724
Data envío: 29/12/2016 12:08:12.715

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A Plataforma ecoloxista “contraMINAcción” ten denunciado a existencia dunha balsa de lodos tóxicos nas instalacións da mina de san Finx en Lousame. Dita balsa ocupa, segundo as súas estimacións, 5 hectáreas e está contida por un dique de formigón de antiga fabricación, que se encontra en pésimo estado de conservación.

Segundo denuncian a precaria situación desa balsa podería representar un grave perigo ambiental, dado que unha rotura do precario dique de contención, ocasionaría un importante verquido tóxico á ría de Muros e Noia, que ademais afectaría á súa principal actividade produtiva, causando enormes perdas á actividade pesqueira e marisqueira.

Esta denuncia require da oportuna inspección, coas comprobacións e actuacións cautelares que sexan precisas por parte da Xunta de Galiza, dado que o artigo 46 da vixente lei de ordenación da minaría atribúe á consellaría competente en materia de minas comprobar o cumprimento da normativa mineira, e tamén da cooperación do concello para adoptar as medidas que aseguren as axeitadas condicións de seguridade ambiental da actividade mineira no concello.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 12:08
Nº Registro: 2724
Data envío: 29/12/2016 12:08:12.715



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cantas inspeccións ten efectuado a Xunta de Galiza á mina de San Finx en Lousame nos últimos catro anos, en particular da balsa de lodos tóxicos que hai nas súas inmediacións? En que datas? Con que resultados?

-Que medidas se teñen adoptado para asegurar a axeitada conservación do dique de contención da balsa de lodos?

-Foi preciso adoptar medidas correctoras ou sancionadoras para garantir que se cumpre a normativa ambiental e mineira?

-Si a empresa que explota a mina manifestou que non é a propietaria, de quen é a balsa?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 12:08
Nº Registro: 2724
Data envío: 29/12/2016 12:08:12.715

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2016 12:07:29

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2016 12:07:35

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2016 12:07:40

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2016 12:07:44

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2016 12:07:46

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2016 12:07:50

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 2899(10/POC-000432)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre o estado de conservación e previsións da Consellería de
Medio Ambiente e Ordenación do Territorio respecto da enseada
dos Pasais, no concello de Meaño

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia é a encargada de conservar os espazos naturais da nosa terra, e dentro deles se remarcan de maneira destacada aqueles que, sinaladamente, teñen un valor recoñecido. Asociado á aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000, establecéronse as Zonas Especiais de Conservación (ZEC; ano 2014) en seguimento das directrices europeas e a implantación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC; ano 2004), que destacaban unha serie de espazos naturais de relevancia na Comunidade Autónoma.

O lugar da enseada de Os Pasales, que conxuga o linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, forma parte da ZEC Complexo Ons- Grove (ES1140004). O contorno natural presenta unha ausencia de coidado notorio, acumulando sucidade na contorna pegada á terra que evidencia a falta de limpeza e atención necesaria. Este espazo presenta, ademais, puntos de vertido incontrolado ao mar, que propagan malos olores e mortalidade de peixes.

En outubro de 2015 o Grupo Municipal Socialista de Meaño presentou unha moción ao Pleno municipal denunciando a situación e solicitando a limpeza do lugar. A moción foi aprobada pola unanimidade do Pleno, mais non houbo avances ao respecto no estado do lugar dende aquela.

O contorno dos Pasales conta coa presenza, aos dous lados da enseada, de dúas telleiras con un interesante valor patrimonial, o que podería redundar nun espazo de alto valor medioambiental e patrimonial, coa repercusión relevante que pode ter a efectos turísticos, culturais e de lecer.



 Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de conservación e coidado da enseada dos Pasales?
2. Cando foi recibida a moción aprobada no Pleno do Concello de Meaño?
3. Que acción se puxeron en marcha con respecto a dita moción?
4. Que consideración lle merece a Xunta de Galicia a potencialidade medioambiental, turística e de lecer do contorno de Os Pasales?
5. Ten previsto realizar a consellería algunha acción destinada a mellorar a situación do lugar? Cal e cando pretende iniciala?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2017 16:20:14

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2017 16:20:20

María Luisa Pierres López na data 03/01/2017 16:20:27

Raúl Fernández Fernández na data 03/01/2017 16:20:32

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 2965(10/POC-000459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á eficacia da política seguida nos oito últimos anos en materia de depuración e saneamento, así como sobre o estado medioambiental da ría de Arousa

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados do Parlamento Europeo viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas.

A ría de Pontevedra está contaminada e con toxinas que fan que estea pechada grande parte do ano. Na ría de Arousa, a produción ten caído en picado, o berberecho morre dende hai mais de 2 anos por un parásito foráneo que está a afectar tamén á ameixa e a marea roxa e a toxina teñen estrangulado aos produtores de mexillón. Na ría de O Burgo, os lodos chegan a uns 2 metros de profundidade e moitas veces se pecha a ría ao marisqueo. Na ría de Noia e Ribeira, non se coñece se o emisario de Touro para o saneamento das augas residuais urbanas se fixo de acordo ao proxecto e, dende 2007, hai fugas e vertidos de augas residuais, sen nengún tipo de explicación por parte do Concello de Ribeira, de Augas de Galicia ou da Consellería de Medio Ambiente (e así consta na denuncia da Fiscalía Provincial de A Coruña, de marzo de 2012).

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o TJUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia, porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. E non sucedía por primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Nestes últimos días, a Comisión Europea ten pedido ao Tribunal de Xustiza da UE unha sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 2965
Data envío: 04/01/2017 14:12:39.358



 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Considera o Goberno galego que, nestes últimos 8 anos, ten sido eficaz a súa política en materia de depuración e saneamento?
2. Que ten que dicir o Goberno do estado medioambiental da ría de Arousa?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/01/2017 13:36:57

Raúl Fernández Fernández na data 04/01/2017 13:37:02

María Luisa Pierres López na data 04/01/2017 13:37:07

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 3163(10/POC-000518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda para corrixir as deficiencias que presenta en materia de accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria e peonil a estrada PO-546, entre Pontevedra e Marín, así como a urbanización e mellora da rúa Rosalía de Castro entre a rotonda de Manuel del Palacio e Ponte Muíños

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 12:47
Nº Rexistro: 3163
Data envío: 11/01/2017 12:47:36.429

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a resposta oral en comisión**.

A estrada PO 546 é unha vía de titularidade autonómica que comunica as cidades de Pontevedra e Marín e que atravesa unha zona densamente habitada, principalmente na rúa Rosalía de Castro e nos barrios de Mollavao, Ponte Muiños, A Igrexa e Os Praceres.

Trátase dunha estrada que presenta numerosas deficiencias en materia de accesibilidade, mobilidade e seguranza viaria xa que na maior parte do seu trazado carece de beirarrúas e beravías, o que a fai extremadamente perigosa para peóns e ciclistas. No caso dos ciclistas, hai que ter en conta que é a única alternativa para a mobilidade en bicilceta entre Pontevedra e Marín despois de que que o Ministerio de Fomento prohibise a circulación pola autovía. No caso dos peóns, vense sometidos a continuas situacións de perigo debido a ausencia de medidas de calmado de tráfico e á inexistencia de zonas seguras nas beiravías. Ademais, case non contan con pasos seguros para atravesar a estrada. Esta situación vese agravada pola alta densidade do tráfico e o elevado número de camiións que circulan por esta vía en dirección a ENCE e ELNOSA.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 12:47
Nº Rexistro: 3163
Data envío: 11/01/2017 12:47:36.429

O treito da rúa Rosalía de Castro entre Manuel del Palacio e Mollavao forma parte da PO 546 e é un vial de titularidade autonómica. Trátase dunha zona plenamente urbana que en lugar dunha rúa urbanizada presenta o aspecto dunha estrada ou travesía, con beirarrúas antigas e estreitas, ausencia de medidas de calmado do tráfico, e perigosidade derivada da presenza na súa contorna dun colexio, un centro de saúde e un centro de día. Nesta zona son frecuentes os atropelos e as situacións de risco, o que fai necesaria unha actuación urxente por parte da administración autonómica.

En numerosas ocasións, por parte do concello de Pontevedra solicitouse á consellaría competente da Xunta de Galiza a realización de actuacións de mellora da rúa Rosalía de Castro ou no seu defecto que se lle autorizase a realizalas ao concello. Tamén houbo diversas xestións e acordos para o arranxo e mellora da PO 546 entre Pontevedra e Marín.

Polo anteriormente exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galiza das graves deficiencias que presenta a estrada autonómica PO 546 en materia de accesibilidade, seguranza viaria e mobilidade peonil e ciclista no treito Pontevedra-Marín?

2. Que actuacións prevé realizar a consellaría de Infraestruturas e Vivenda para corrixir esta situación?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 12:47
Nº Rexistro: 3163
Data envío: 11/01/2017 12:47:36.429

3. Que previsións hai a respecto da urbanización e mellora da rúa Rosalía de Castro entre a rotonda de Manuel del Palacio e Ponte Muíños?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2017 12:44:29

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2017 12:44:36

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2017 12:44:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/01/2017 12:44:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 12:47
Nº Rexistro: 3163
Data envío: 11/01/2017 12:47:36.429

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2017 12:44:49

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2017 12:44:51

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 3198(10/POC-000524)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as demandas realizadas e previstas polo Goberno galego
diante do Goberno central para a execución das obras da
conexión ferroviaria co porto exterior da Coruña

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa a medidas de actuación en relación co Porto da Coruña.

No Plan de Investimentos dos Portos do Estado 2017-2021, non se reflexa ningunha dotación orzamentaria para a execución de obras de acceso ferroviario exterior.

Unicamente se contemplan 1,1 millóns (previstos no Plan de Empresa da Autoridade Portuaria, aprobado o 22 de decembro de 2016), pero que se corresponden unicamente co orzamento referido ás asistencias técnicas (ver Plan de Investimentos Autoridade Portuaria da Coruña – Plan de Empresa).

En consecuencia, da previsión dos 101,1 millóns anunciados por Fomento para dita conexión, so 1,1 millóns están orzamentados (fondo de accesibilidade), pero os restantes 100 millóns, non teñen financiamento comprometido nin previsto.

Só hai tres Portos no Estado que quedan sen concreción da dotación orzamentaria, o da Coruña, con 100 millóns, o de Baleares, con 9 millóns, e o de Castelló con 81 millóns.

O 30 de xuño de 2016 adxudicouse o contrato (formalizado o 20 de xullo de 2016) para a redacción do proxecto de conexión ferroviaria (adxudicado por 1,6 millóns de euros, e cun prazo de entrega de 14 meses), pero dito proxecto construtivo está condicionado pola aprobación definitiva do estudo informativo e da DIA (Declaración de Impacto Ambiental).



O “Estudio Informativo del Acceso Ferroviario al Puerto Exterior de A Coruña en Punta Langosteira” foi sometido a información pública no BOE de 31 de xullo de 2014 [e non consta como aprobado, co que concluímos que a DIA tampouco.](#)

Unha Declaración de Impacto Ambiental que debía de estar formulada en maio de 2016 e a día de hoxe aínda non o está.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- 1) Dirixiuse a Xunta de Galiza ao Goberno español para esixir a axilización do proceso administrativo, estudo informativo, Declaración de impacto ambiental e Proxecto construtivo, da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña e esixir ao Goberno do Estado unha dotación orzamentaria para o ano 2017 e seguintes que garantan o cumprimento dos prazos da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña?
- 2) Vai esixir o Goberno galego ao Goberno do Estado unha dotación orzamentaria para o ano 2017 e seguintes que garantan o cumprimento dos prazos da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 10:24
Nº Rexistro: 3198
Data envío: 12/01/2017 10:24:43.293

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/01/2017 10:20:37

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 3200(10/POC-000525)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da baixada que presenta para o ano 2017 o importe máximo da axuda convocada na Resolución do 26 de decembro de 2016, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, para o financiamento parcial da renda dos contratos de arrendamento formalizados no marco do programa Aluga, o número de beneficiarios deste programa no ano 2016 e os datos referidos ao nivel de execución das partidas orzamentarias consignadas para o seu desenvolvemento

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo vén de publicar no Diario Oficial de Galicia a RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2016 pola que se procede á convocatoria pública da axuda, en réxime de concorrencia non competitiva, ás persoas inquilinas das vivendas arrendadas, no marco do Programa Aluga, no exercicio 2017.

O obxecto deste programa é convocar para o ano 2017, en réxime de concorrencia non competitiva, as axudas para o financiamento parcial da renda dos contratos de arrendamento formalizados no marco do Programa Aluga, dirixidas ao colectivo de persoas afectadas por execucións hipotecarias, así como ás persoas inquilinas de contratos de arrendamento que están xa incorporadas ao citado programa.

Mentres na Orde da convocatoria para o ano 2016 se imputaba un orzamento máximo de 176.289,20 €, na recentemente publicada para o exercicio 2017 a cantidade límitase a 47.200,00 €.

A previsión inicial anunciada pola Xunta de Galiza era a de chegar a 6.000 familias xa no 2016 beneficiarias do Programa Aluga.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 10:25
Nº Rexistro: 3200
Data envío: 12/01/2017 10:25:15.058



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cal é a razón de ser da baixada do importe máximo de subvención que se produce para o ano 2017 onde se reduce dito importe dos 176.289, 20 euros, previstos para o exercicio 2016, aos 47.200 euros previstos para o 2017?
- 2.^a) Cantos beneficiarios tivo o programa Aluga durante o exercicio 2016?
- 3.^a) Que cantidade foi finalmente executada nas partidas 08.80.451B.480.1 e 08.80.451B.480.2?
- 4.^a) Considera que as cantidades executadas indican que o programa acadou un nivel suficiente de suceso?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/01/2017 10:22:33